



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2020.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

**CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)  
D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)  
D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)  
D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)  
D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)  
D. Ramón Lago Tajés (PSOE)  
D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)  
D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)  
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)  
D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)  
D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup> María Ofir Aboy García

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, do día de referencia reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que o interventor non comparece porque non hai ningún asunto económico na orde do día. e que non hai actas para aprobar porque a secretaria estivo de vacacións e quedan pendentes a do pleno ordinario de novembro e os dous plenos extraordinarios de decembro que virán no seguinte pleno.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**A Parte Dispositiva**

**Primeiro.- Proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre a problemática asociada aos xogos de azar e apostas.**

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta presentada polo grupo municipal do BNG ven co ditame favorable da comisión na que se presentou unha emenda por parte da alcaldía que foi aceptada e se fixeron tamén aportacións por parte da voceira do grupo socialista, a Sra Gonzalez.

A alcaldesa lle da a palabra á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que procede a lectura da proposta ditaminada na comisión que é do teor literal seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*En 1980, a ludopatía aparece por primeira vez nos manuais de diagnóstico dos trastornos mentais, sendo así recoñecida como unha enfermidade. Nun primeiro momento, esta doenza é considerada un trastorno de control dos impulsos, máis coa evolución e os avances da medicina, e en especial no campo da psiquiatría, no ano 2013, a Asociación Americana de Psiquiatría recoñece e inclúe nos seus manuais a ludopatía na categoría de "Trastornos relacionados con sustancias e trastornos aditivos". Así mesmo, no ano 1992 a Organización Mundial da Saúde, na súa Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE10), recoñece a ludopatía como doenza.*

*Dende que no ano 1977 o estado español regulase o xogo e aparecen xa os primeiros casos datados de ludopatía, vemos como distintas modalidades irrompen con forza no día a día de toda unha sociedade. Nun comezo foron as maquinas comecartos, os bingos ou os casinos, máis nos últimos anos vemos como unha regulación deficiente neste ámbito e a ausencia de medidas que freen ou revertan esta situación, sumada ao fácil acceso ao mundo do xogo, a proliferación de casas de apostas e a aparición de novos xogos con potencias aditivo máis elevado contribúen, entre outros factores, a que a ludopatía se converta en un grave problema social que afecta a todos os extractos e xeracións, é de destacar o feito de que os últimos estudos mostran que cada vez o comezo do xogo ten lugar antes de cumprir a maioría de idade.*

*Nos últimos anos, a proliferación dos locais de apostas resulta alarmante, establecéndose principalmente en barrios residenciais, zonas de ocio ou de moito tránsito, facilitando o acceso da poboación a elas. Temos a sorte de que no noso concello non temos aínda ningunha, por iso debemos adiantarnos a problemática e tomar medidas para evitar posibles problemas futuros.*

*É preciso que dende a Administración se aborde esta problemática de forma transversal, poñendo especial relevancia na prevención, e ofrecendo axuda no tratamento da adicción.*

*Por estes motivos, a corporación local de Muros adopta o seguinte*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ACORDO**

*1. Recoñecer a problemática asociada aos xogos de azar e apostas, e comprometerse a traballar no camiño da prevención e erradicación desta lacra.*

*2. Control por parte da administración de que se cumpra a normativa vixente e non accedan menores nin persoas rexistradas no “Registro de interdicções del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas”*

*3. Prohibir a publicidade de casas de apostas nos espazos públicos municipais.*

*4. Traballar na elaboración de talleres, charlas ou distintas actividades enfocadas na prevención da ludopatía enfocados a todos os tramos de idade.*

*5. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a consensuar cos grupos parlamentarios unha normativa que aborde as actividades de xogo desde unha política integral de responsabilidade social corporativa, que prevea o xogo como un fenómeno complexo, na que se combine accións preventivas, de sensibilización, de intervención e control e de reparación dos efectos negativos que se puidesen producir e a creación dun punto de atención as adiccións no noso Concello*

*6. Estudar vías de colaboración entre a policía local e as forzas e corpos de seguridade para realizar un maior control do acceso aos salóns de xogo*

*7. Instar a Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a seguir colaborando coas asociacións dedicadas á prevención e asistencia á ludopatía e a desenvolver programas de prevención do xogo patolóxico e incrementar as cuantías destinadas a estes programas.”*

Segue a intervir a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón para darlle as grazas a Santi, reponsable dunha campaña moi activa dende as redes intentando concienciar neste tema e que tivo unha parte activa na elaboración desta moción axudándonos con ela.

Intervén a voceira do polo grupo municipal socialista dona Caridad González para dicir que xa deixaron claro na comisión informativa que lles parecía moi ben esta iniciativa e, sobre todo, no fondo da moción o que lles resulta máis interesante é a proposta dun punto de atención, aquí no Concello de Muros para este tipo de doenzas

Intervén polo grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso para dicir que pola súa banda, indicar que lles parece moi ben a proposta do BNG. Sobre todo, as actividades de sensibilización e o punto de atención a persoas que poidan ter este problema





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Intervén a Sra. Alcaldesa María Inés Monteagudo Romero para facer unha pequena aclaración a voceira do grupo municipal do BNG, é unha cuestión de forma, que presentaron as tres mocións ó aveiro do regulamento orgánico municipal, que de momento, non o temos, esperamos poder telo algún día.

Continua a alcaldesa dicindo que en canto ó fondo, a ludopatía, ó igual que a drogadicción e o alcoholismo é unha das adiccións que máis estragos causa nas persoas, nas familias e nas economías familiares. Porén e ende, aquí, no noso Concello, como ben indicou vostede, non contamos con casas de apostas nin a súa regulación é competencia municipal. Entendemos que non está de máis, posicionarnos como corporación, a favor dun maior control no acceso ó xogo por parte de menores e outros colectivos, maiores restricións en materia de publicidade no xogo presencial, na planificación, na apertura de establecementos de xogo, de máquinas recreativas e de apostas e avogar por unha política de xogo responsable. Nesta liña, como saben vostedes a Xunta de Galicia xunto co estado é quen ten competencias nesta materia e hai un anteproxecto de lei reguladora de xogos de Galicia que contempla moitos dos puntos que figuran na moción que hoxe debatemos. Efectivamente, nesta materia a competencia e actividade municipal ten que necesariamente dirixirse cara prevención con accións de sensibilización, información e difusión de boas prácticas. Así como, os efectos cunha practica non adecuada do xogo poda producir. É importante nesta materia, contar cas distintas asociacións e persoas individuais que como vostede ben dixo, en Muros contamos con algún exemplo que teñen moita experiencia neste campo e nos poden axudar contactamos con Agalure, unha asociación que hai na Coruña e entidades ca que tamén colabora a consellería de sanidade e traballo. Nós xa anunciamos no seu momento e reiteramos, que imos votar a favor desta moción.

Ningún membro dos grupos se pronuncia e sen nada máis que engadir

Rematadas as intervencións se somete a votación

Queda aprobada a proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre a problemática asociada aos xogos de azar e apostas por unanimidade dos membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), socialista (4), CXG (3), BNG (2)

**Segundo.- Proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre a mellora da sanidade pública.**

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta presentada polo grupo municipal do BNG ven co ditame favorable da comisión. A alcaldesa lle da a palabra á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que procede a lectura da proposta ditaminada na comisión que é do teor literal seguinte:

**“MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA**





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*A Corporación municipal do Concello de Muros está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres. Así, o noso concello ben sufrindo dende fai xa demasiado tempo a falla de persoal no Centro de Saúde ao non cubrir as vacantes producidas por baixas ou vacacións, sobrecargando de traballo ao persoal, chegando a reducirse na metade o número de facultativos no período estival, onde paradoxicamente a nosa zona aumenta considerablemente a poboación.*

*Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos. As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.*

*Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberiamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria de Muros se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.*

*Os municipios da Área Sanitaria de Muros necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.*

*Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO**

*PRIMEIRO. Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.*

*SEGUNDO. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.*

*TERCEIRO. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.*

*CUARTO. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*QUINTO. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.*

*SEXTO. Acabar coa política de privatizacións de recursos.*

*SÉTIMO. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.*

*OITAVO. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.*

*NOVENO. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.*

*Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Muros á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.”*

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño, que di que na comisión informativa se abstivo ca idea de facer unha reunión de partido e ver se ampliaban algo máis a proposta do BNG. Lles parece unha proposta correcta, poderíase falar moito máis. Acordaron apoiar a moción. Simplemente, poñer de manifesto o problema máis grande que ten no noso Concello é a perda de especialidades. Muros contaba, no seu momento con varias especialidades, e agora mesmo non conta con case ningunha e a perda e peche de sectores. Agora mesmo, o centro médico de Muros está infra empregado, hai moito sitios baldeiros e sobretudo non se poden olvidar cando se proxectou a creación dun hospital comarcal dende Muros insistiron en moitas ocasións que debido á situación xeográfica e ás vías de comunicación, ese hospital debería estar, na zona do barbanza ,cando menos da ponte de Noia cara aquí. Non foron quen de conseguilo e non saben cales foron os criterios para levar ese hospital comarcal para Ribeira e, actualmente, o Concello de Muros atopase moi alonxado e aquel que vive nunha cidade, non entende como é posible que para calquer xestión médica teñen que recorrer case cen quilómetros, co cal lle parece moi axeitado e apoiaremos esa manifestación convocada por sanidade o vindeiro nove de febreiro.

Intervén a voceira do grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso para dicir que a pesar de que o presidente da Xunta, Feijoo dí que a sanidade no noso país vai estupendamente, é evidente que o asunto non vai nada ben, senón todo o contrario. De aí, as protestas de distintos sectores: familias, por peche de servizos de pediatría ou de paritorios e tamén, profesionais como: enfermeiras ou incluso médicos e médicas que demandan, por exemplo, que se cubran os seus postos cando teñen unha baixa





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

ou cando están de vacacións . Son problemas que sufrimos de primeira man todas as persoas que temos que acudir a un centro de saúde ou centro hospitalario. Aquí mesmo, por exemplo, cando acudimos ó noso médico e este se atopa de baixa ou vacacións temos que atender outro facultativo que estea nese momento no centro e entre os que se reparten ós doentes. Isto repercute no tempo de espera das persoas que acudimos a consulta e fai que o persoal do centro se atope sobrecargado de traballo e teña que atender a un montón de pacientes cada día. Polo cal, nós, imos apoiar tamén esta iniciativa do BNG sen poñer ningún problema.

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para dicir que nós o que opinamos, e que a Sra. Lago sabe e o resto dos presentes tamén, que en Galicia a sanidade é cen por cen, pública. A atención sanitaria é prestada polos profesionais do servizo galego de saúde. Muros non é unha área sanitaria, está adscrita á área sanitaria de Santiago, o noso hospital de referencia é o CHUS que con tódolos seus defectos é un hospital de referencia en todo o país. O que aquí temos é un centro de saúde, cun punto de atención continuada e un consultorio en Esteiro. A falta de profesionais é unha realidade que sofre todo o sistema sanitario. Sería bo que o BNG, agora que pode, se unise ás voces que dende a consellería de sanidade e a xunta leva xa bastante tempo pedindo, que se suprima a taxa de reposición no sector sanitario e se aumente as prazas de MIR para poder cubrir a demanda de profesionais. Con todo, a situación dos profesionais vai mellorando, dende este mesmo mes teñen recoñecida a carreira profesional, levamos xa varios anos con convocatorias anuais de OPEs con concurso de traslado aberto e permanente . En canto o desmantelamento e peche de servizos, onte mesmo presentouse o novo hospital público da Coruña, que vai duplicar a súa superficie e aposta polo I+D+i cun investimento de case catro centos millóns de euros . Máis do oitenta por cento dos galegos contan cunha infraestrutura nova ou renovada na súa área sanitaria. O mesmo centro de Muros foi dotado nos últimos meses con novo equipamento: un desfibrilador, un ecógrafo, un retinógrafo ou un dermatoscopio que facilitan as interconsultas e evitan desprazamentos dos doentes, a redución das listas de espera e dos tempos medios de espera, a priorización clínica dos pacientes, manter e mellorar no posible, os tempos de agarda nas sete vías rápidas de cancro implantadas en Galicia, que non no resto de España, se non, aquí: de mama, de colon, de pulmón, de próstata, de vexiga e colon e melanoma. A extensión do servizo de hospitalización a domicilio son obxectivos nos que se traballan arreo aínda que vostedes non o queiran recoñecer. O certo é que, ano tras ano, as cifras de espera se van reducindo en cirurxía , no último ano en sete días, nunha tendencia que sitúa a Galicia entre as catro comunidades con menos demora. O orzamento deste exercicio para sanidade ascende a 4.109,6 millóns de euros 121,7 millóns máis que o ano anterior. Os gastos de persoal son de 55 millóns . O orzamento é de 1300 millón, todo é mellorable e tódolos cartos que se invirtan en sanidade están ben empregados. Agora as súas propostas, non parecen que aporten moitas solucións. Eu o que lle pediría é que non xoguen coa sanidade pública deste país que está entre as mellores de España e de Europa. Nós non imos apoiar esta moción.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago para dicir que hai máis de nove meses que está o ecógrafo en Muros, o que non hai é un profesional que o saiba utilizar. E llo di porque ten familiares que o empregaron xa fai máis tempo. Lle contesta a alcaldesa que ela tamén ten





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

familiares. Continúa a señora Lago dicindo que pódelle dicir de primeira man que a doutora que tiña a certificación para utilizalo xa non está no centro de Muros . Lle di, vostede coñece, tan ben coma ela, a carencia que hai de profesionais e non é simplemente pola falta de prazas MIR, que se lle damos unhas condicións de traballo pésimas para o persoal laboral sanitario van a traballar a outros sitios non é que non se teñan médicos ou enfermeiros en Galicia e que non queren traballar para o Sergas porque se están xuntando contratos de un día si e un día non e cando te botan un fin de semana para non ter que pagarte eses días, te vas a traballar onde teñan mais traballo o polo menos te o valoren. En canto as listas de agarda, está moi ven que fale das vías de detección de cancro, di que ela ten unha cita para unha ecografía mamaria que ven dunha cita de decembro é esta datada para setembro de 2020 e que non lle diga que son días o que se tarda en dar a cita e se quere vela.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que a eles lles sorprende a resposta da alcaldesa, que saben que está moi posta en números e cómo se distribúen as áreas pero eles que son cidadáns de a pé con respecto a sanidade ten que dicir que ela, Caridad González Cerviño, ten pedido unha ecografía mamaria e lle mandaron para Santiago, é dicir que o ecógrafo de Muros non funciona porque non se entende que lle mandaran a ela a Santiago exclusivamente, mandaron a mais xente e lle dixo o médico de cabeceira que todo o mundo iba a Santiago e que ratifica o que dixo a compañeira do BNG. Continúa dicindo que saben tamén que o pediatra está compartido con Carnota, o que nunca pasou en Muros, e ten por tanto datos próximos si queren felicitar ós veciños e veciñas de A Coruña por ese novo hospital e lle da un montón de envidia, porque lle gustaría moitísimo ter cerca ese servizo, e non a unha hora e di que o que si sabe é que no Concello de Muros está carente dun hospital e di que o señor Fraga optou por poñelo en Ribeira e Muros quedou , como cando foi das estradas, o do hospital, e dicir que esto, levo sufrindo o concello moito tempo. Continúa dicindo que ten coñecemento que no hospital de Santiago hai varias UCIS pechadas e cree que o día da manifestación se verá se os que están pedindo máis servizos e apoiando esta moción, soamente son os de Muros ou vai a ir mais xente de Galicia pero cree que haberá miles de persoas e se pregunta se miles de persoas poden estar equivocadas. Lle parece moi raro porque a xente cando se convoca unha manifestación de estas características non vai a Santiago a dar unha volta. Di que o problema da sanidade é palpable e igual como se quera vestir, nestes momentos está o partido popular gobernando na Xunta de Galicia e o está a facer a nivel sanitario moi mal polo menos con respecto a Muros e eles son municipalistas e os veciños de Muros necesitan ir a Santiago é o normal e que se hai un ecógrafo aquí sería que o puidésemos usar. Tamén di que as baixas non se están a cubrir e os profesionais sanitarios están a facer horas e horas e o problema máis grave é que as urxencias, como teña que saír o médico do centro, hai que esperar alí ou morrer porque hai un só. Volve a dicir que hai un problema palpable e se se solucionara parte do problema de Muros eles se daban por satisfeitos e volve a aplaudir a ese hospital de A Coruña, e onde se poña, e di que os de Verín estarían encantados de que as súas mulleres puideran parir alí, e volve a insistir en que oxalá tivera Muros eses servizos e que por iso van a apoiar esta moción

Intervén polo grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso Torres que di que ela vai a ser moi breve e que non casa o que di o partido popular co que din un montón de colectivos sanitarios ou







**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

familiares e co que sufrimos en primeira persoa os que acudimos aos centros sanitarios ou teñen que ir con xente que ten que ir a eses centros sanitarios, eles se fían mais deses colectivos e do que a eles lles pasa en primeira persoa que do que di o partido popular e polo tanto eles van a apoiar a moción do BNG.

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que ten que matizar que o programa de detección de cancro de mama e un programa ao que se lle dan cita ás mulleres que cumpren 50 anos cada dous anos e por iso non é unha vía rápida e ela cree que as opinións son libres e que seguramente vai a haber moitos miles de persoas nesa manifestación pero tamén cree que hai moitos miles mais que son usuarios da sanidade que non opinan o mesmo, que os recursos non son infinitos, son escasos e hai que aplicalos da mellor forma posible

Rematadas as intervencións se somete a votación:

Queda aprobada a proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre a mellora da sanidade pública por maioría absoluta cos votos a favor do grupo municipal socialista, (4) do grupo municipal CxG (3), e grupo municipal do BNG (2) e os votos en contra do grupo municipal popular (4)

**Terceiro.- Proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre o impulso de políticas que aseguren un traballo digno en Galicia.**

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para dicir que a proposta presentada polo grupo municipal do BNG ven co ditame favorable da comisión.

A alcaldesa lle da a palabra á voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que quere primeiro expresar que esta proposta non é propia deles senón que ven dende a plataforma Via Galega que é un colectivo que precisamente defende o traballo digno na terra en especial para xente mais nova e procede a lectura da proposta ditaminada na comisión que é do teor literal seguinte:

“

*No poema **Pra a Habana!**, a nosa poeta, **Rosalía de Castro**, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.*

*156 anos despois da publicación de **Cantares Gallegos** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do **Instituto Galego de Estatística**, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.*

*Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.*

*A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.*

*A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.*

*Na época na que Rosalía escribiu **Pra a Habana!** a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.*

*Alguís xa denominan a esta realidade “a Galiza mingúante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.*

*A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.*

*Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os seguintes acordos:*

*-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.*

*-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.*

*-Deben ser eixos destas políticas:*

- *A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.*
- *A creación de emprego digno e de calidade*
- *O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.”*

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño que dí que o seu grupo quere presentar unhas enmenda que se distribue entre os membros da corporación.

Segue a súa intervención a voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González Cerviño para dicir que esta enmenda non é mais que aclarar un pouco a moción porque o noso grupo xa presentou no parlamento en mais dunha ocasión este tipo de enmenda e queren aclarar as peticións xa que non están en contra das mesmas

A continuación da lectura a enmenda presentada polo grupo municipal socialista e que é do teor literal seguinte:

“Solicitar ao pleno do concello de Muros

1. Se solicite ao Parlamento Galego que se aproben medidas necesarias para garantir traballo aos nosos mozos e mozas que se están a incorporar ó mercado laboral e non teñan que emigrar, podendo quedarse en Galicia.
2. Se solicite a todas as administracións, que se incrementen as actuais partidas económicas dirixidas a investigación para que os nosos investigadores non teñan que emigrar como está pasando na actualidade.
3. Se solicite ó Parlamento Galego, se creen axudas e subvencións para emprendedores galegos e se suavicen as obrigas dos autónomos para poder xerar emprego.”

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lestón Lago para dicir que lle parece razoable e que eles non se opoñen a que se inclúa.

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para preguntar se é unha enmenda de adición ou de substitución ao que lle contestan as dúas voceiras dos grupos do BNG e socialista que sería de adición e como se complementan entre elas lles parece mellor idea que se engadan a moción xa presentada.

Interven a voceira do grupo municipal de CXG, María Xosé Alfonso, para dicir que a ela tamén lle parece ben e que a enmenda do partido socialista axuda a concretar un pouco a moción e polo tanto as medidas a tomar.

Intervén a señora alcaldesa María Inés Monteagudo Romero para dicir que non sabe se foi casualidade ou non pero o mesmo día que se presentou esta moción a portada da Voz de Galicia dicía que Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de emigrantes retornados e dirixíndose a voceira do grupo





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

municipal do BNG parece que está a falar dos primeiros cincuenta anos do século pasado e que esta non é a realidade de hoxe e vostede fai referencia aos datos do instituto Galego de estatística debería facer referencia a todos, porque dos anos aos que vostede fai referencia do 2008 ao 2017 o saldo migratorio de Galicia foi positivo en 45.031 persoas, é dicir nese período Galicia recibiu mais persoas das que saíron e no último ano o fluxo migratorio foi positivo en máis de 13.000. Continúa dicindo que a impresión que lle da é que fan unha confusión mal intencionada entre o que é o saldo vexetativo, a diferenza entre nacementos e falecementos, co saldo migratorio, a diferenza entre os que saen e os que entran. É certo que vivimos unha crise demográfica severa e o retorno de emigrantes de segunda e terceira xeración é un dos alicerces fundamentais sobre o que afrontar este reto demográfico aínda que non o único. En canto ao que di sobre a defensa da base produtiva do país di que teñen unhas oportunidades excepcionais neste momento para paralizar o Regulamento de Costas que vai a afectar a un dos sectores produtivos máis importantes da nosa comarca, o marisqueo, e a todas as instalacións que concesión mediante se atopan na zona de influencia da demarcación de costas e que no noso concello son unhas cantas e aí ten os exemplos para defender a masa produtiva, o estatuto das electrointensivas, temos aquí ao lado, a Ferroatlántica e moitas outras empresas e é unha bagoa que non alcen a súa voz para defender estas cuestións.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que lle pregunta a señora alcaldesa se sabe se o BNG defendeu algunha vez a Ferroatlántica, e di que nunca estivo de lado dos comités de empresa de Ferroatlántica e non sabe que realidade ve a alcaldesa e pensa que debe ser que non vive no mesmo mundo que eles, onde a maior parte dos xóvenes e formados teñen que marchar e di que non é un segredo que o traballo digno parece que non serve cando tes unha formación ou unha experiencia na que che gusta que te paguen por ela e que che a valoren e os contratos que por desgracia se dan aquí non son atractivos para unha persoa que ten unha formación ou unha experiencia e remítese ao que xa dixeron na moción.

Intervén polo grupo municipal socialista dona Caridad González Cerviño para dicir que está de acordo en que está a volver xente, pero é para xubilarse en España pero non para traballar e de feito unha das poboacións mais envellecidas de España é a Galega, non volven para traballar, non sabe se as gafas da alcaldesa e as delas se ve o mesmo, e di que se empechina en falar de Muros, non sabe onde están os rapaces e rapazas de Muros preparadísimos e bos estudantes, porque Muros ten fama de ter bos estudantes, non sabe onde están pero non en Muros que hai que esperar para velos o día de Nadal que veñen a cenar cos pais e nada máis, porque aquí non hai traballo, e de feito, vostede o sabe, cando foron a estudar, so volveu un que cree que é o seu. Moitos foron a Venezuela, a Arxentina e ao mellor volven con 80 anos. e negociando convenios a ver si poden cobrar unha xubilación ou non. E xa non quere falar dos investigadores, porque lle parece unha vergonza porque deixamos marchar a números un de investigadores que son de Muros e cree que hai que facer algo para que podan quedar aquí e di que hai que crear emprego en España e meter cartos en investigación, en preparación e apoiar aos autónomos e aos emprendedores para os nosos fillos e os nosos rapaces queden en España. Sigue dicindo que xa se ve pola rúa que non hai ninguén, e que non se vexa aos maiores, pois é que xa di ela nos toca outra cousa pero os rapaces novos que antes estaban pola rúa xogando á pelota e todo o





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

mundo protestando porque o rompían todo, di que agora non hai ningún protestando porque non hai ningún xa que os rapaces en idade de estudar e de traballar estan todos fora e cree que se debe facer algo e non se pode mirar para outro lado. Di que á alcaldesa lle convencen dende o partido popular que todo é marabilloso pero vostede que ten fillos lle dí, sabe que non é así e por iso debemos pedir que os nosos fillos, cando rematan os seus estudos, teñan onde traballar e sobre todo en Muros.

Intervén polo grupo municipal de CXG dona María Xosé Alfonso Torres que di que está claro que unha cousa é a realidade e outra o que lles quere facer ver o partido popular, que pasa algo parecido como na moción anterior, no caso da sanidade. Todos coñecemos persoas, sobre todo maiores que tiveron que marchar para poder traballar e poder ter un traballo, xa non di digno, porque hai de todo por desgracia, e todos coñecemos emigrantes retornados, pero di que ela os que coñece son os que volveron porque se xubilaron e volven para casa. Outros quedan porque xa teñen fillos que teñen traballo e familia alá onde emigraron e xa deciden quedarse cos fillos e fillas e coa súa descendencia pero os que retornan, e di que coñece varios, son xente que rematou a súa vida activa laboralmente e volve para a súa terra para gozar da súa xubilación todo o tempo que poidan. Di que se fía mais do que ve día a día e da súa percepción da realidade do que lles conta o partido popular e adianta que van apoiar a moción enmendada polo grupo socialista.

Intervén a señora alcaldesa, dona Maria Inés Monteagudo Romero que di que ela o que ve e quen quere montar unha empresa ou un negocio non se lle poñen pegas e efectivamente hai xente que ten que marchar fora a traballar e hai outra que non, que pode quedar aquí. Di que agora estamos posicionados en contra de todo, da depuradoras, dos parques eólicos, das industrias, non sabe onde vai a ser o sitio onde van a dar traballo.

Primeiro se vota a inclusión da enmenda presentada polo grupo municipal socialista, a cal é aprobada cos votos a favor do grupo municipal socialista, (4) do BNG (3) e CXG (2) e os votos en contra do grupo municipal popular (4)

Quedando o dictame enmendado co engadido seguinte:

1. Se solicite ao Parlamento Galego que se aproben medidas necesarias para garantir traballo aos nosos mozos e mozas que se están a incorporar ó mercado laboral e non teñan que emigrar, podendo quedarse en Galicia.
2. Se solicite a todas as administracións, que se incrementen as actuais partidas económicas dirixidas a investigación para que os nosos investigadores non teñan que emigrar como está pasando na actualidade.
3. Se solicite ó Parlamento Galego, se creen axudas e subvencións para emprendedores galegos e se suavicen as obrigas dos autónomos para poder xerar emprego.”

Unha vez enmendado o ditame, e rematadas as intervencións se realiza a votación, quedando aprobada a proposta presentada polo grupo municipal do BNG sobre o impulso de políticas que aseguren un





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

traballo digno en Galicia ca enmenda que se engade á proposta, presentada polo grupo municipal socialista e cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do BNG (2) e de CXG(3)e cos votos en contra do grupo municipal popular (4)

**Cuarto.- Declaración institucional de recoñecemento á agrupación local de protección civil e ao Grupo de emerxencias Supramunicipal.**

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero para dicir que por fin se chega ao punto que se lle dedica á agrupación local de protección civil e ao grupo de emerxencias supramunicipal. Di que en primeiro lugar ten que dar conta da boa receptividade mostrada por todos os grupos desta proposta do grupo de goberno e tamén das aportacións feitas pola voceira do grupo municipal socialista feitas na comisión informativa, di que de corazón están convencidos de que esta proposta podería ter sido feita por calquera dos grupos pertencentes á corporación e esta foi a razón que lles motivou a incluír a proposta como declaración institucional. Agradece tamén a presenza dos traballadores aos que vai dirixida a mesma neste acto.

A alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero procede á lectura da Declaración institucional, que é do teor literal seguinte:

***DECLARACIÓN INSTITUCIONAL***

*A finais do pasado ano 2019, a Asociación Nacional de Agrupaciones y Asociaciones de Voluntarios de Protección Civil de España (ANAV Protección Civil) outorgoulle ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Muros (GES Muros), a Placa ao Mérito Colectivo na súa categoría de Ouro, en atención aos méritos e servizos que teñen acreditados. Tamén lle outorgaron a D. Ramón Manuel Lago Lago a Medalla de mérito e recoñecemento á antigüidade e constancia no servizo como voluntario de protección civil na súa categoría de prata con distintivo vermello ao ter acreditado alomenos 20 anos de servizo.*

*A Corporación en pleno do concello de Muros, en atención a estes e outros méritos, declara:*

*-A nosa felicitación a todos os integrantes do equipo do GES Muros pola obtención deste recoñecemento. Tedes o agradecemento de tódolos membros desta corporación e por extensión, de tódolos veciños de Muros, polo voso bo facer e pola vosa entrega. O traballo nas emerxencias conleva sempre unha sobrecarga física e emocional, polo que aínda é máis de agradecer o bo trato e a paciencia e dedicación que mostrades cos veciños e afectados nas distintas circunstancias nas que desenvolvedes o voso traballo. A creación do Ges no ano 2013 supuxo un importante esforzo económico e organizativo por parte do Concello de Muros, a Xunta e Galicia, a FEGAMP e a Deputación de A Coruña para a súa posta en funcionamento, esforzo que dou os seus froitos e que continua a día de hoxe.*





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

*-A nosa felicitación a D. Ramón Manuel Lago Lago, Jabecho, polo recoñecemento acadado como voluntario de Protección Civil, recoñecemento que queremos facer extensivo a tódolos voluntarios de protección civil de Muros, que durante estes anos adicaron, con xenerosidade e entrega, o seu tempo e bo facer ás diversas tarefas nas que a súa colaboración é indispensable. Xente solidaria, comprometida coa sociedade, sempre necesaria e que merece a nosa gratitude. O seu comportamento honorable non só prestixia a imaxe do voluntariado de Protección Civil, senón que tamén contribúe a engrandecer a da nosa Vila, que como ben dí o seu escudo, é moi nobre, moi leal e moi humanitaria.*

*Queremos pois, facer nosos eses recoñecementos, e agradecer publicamente, tanto o GES como a Agrupación de Protección Civil de Muros, o seu traballo, así como mostrar o noso compromiso para que estas dúas entidades poidan desenvolver a súa labor nas mellores condicións posibles.*

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, dona Caridad González Cerviño que empeza dicindo que quere dedicarlle unhas palabras ao GES que escribiron entre todo o seu grupo, que é moi cortiño e ides ver, que o Ges saíu no concello de Muros cando estaban gobernando eles.

Lee as palabras escritas que son do teor literal seguinte:

*“O GES foi un logro do concello de Muros, co goberno do PSOE aproveitando a nosa presenza na FEGAMP. Este éxito non so foi importante para o grupo do PSOE senón que para todo o concello de Muros, para os Muradáns e Muradanas pese a tratarse dun grupo de intervención supramunicipal pero é a primeira vez na historia que o concello de Muros ten unha base de intervención rápida no noso concello. Como sabedes con moito sacrificio, como dixo a señora alcaldesa, porque Muros carecía de infraestruturas para a instalación dunha base así como que carecía da totalidade das ferramentas, vehículos e uniformes para poñer a funcionar ese operativo. O revés doutros concellos limítrofes que como sabedes si tiñan todo montado para que o GES chegará alí e empezara a funcionar. Tivemos moito que loitar para que a base fora o noso concello, o concello de Muros. E verdade que se fixo un gran esforzo. Esforzo que quedou reflexado no orzamento municipal, que por certo segue sendo o mesmo despois de cinco anos e segue vixente. Aproveitamos este acto de enalzamento que estamos a celebrar por o voso bo facer, e entrega das condecoracións recibidas, tanto do GES como de protección civil e para pedirlle a este goberno que segan apostando por vos, recoñecendo o voso traballo e colaboración así como que se resolucione canto antes as peticións dos dereitos de estes traballadores que tiveron que recurrir a xustiza por non respetarillos. Despois de moitas críticas ahí están recoñecidos por varias institucións, porque esas condecoracións son par Javecho pero son extensivas a todos vos. Muros non se concibe agora mesmo sen o Ges e sen protección civil. Felicidades a todo o grupo e en especial a Javecho e a seguir así. Gracias a todos.*

Dilixencia para facer constar que neste momento, os membros da corporación aplauden.

Intervén a voceira do grupo municipal CxG, dona María Xosé Alfonso Torres que di o seguinte:” pola súa banda dicir mais do mesmo, agradecer a todos e a todas o esforzo que fan a cotío e a boa disposición que teñen sempre para calquera tipo de emerxencia porque son moi variadas e algunhas





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

moi duras de soportar e de sobre levar e aí estades sempre para o que faga falta. A Javecho xa falamos moitas veces, el sabe o que opinamos sobre o seu traballo e este recoñecemento público e iso, facelo público porque o que pensamos, xa todos o sabedes. Agardamos que sigades durante moitos anos traballando para o concello de Muros e para toda a comarca. A cidadanía muradá non entendería agora un concello sen o GES sen ese servizo que preta axuda a calquera hora do día e da noite. Sodes indispensables no concello, calquera goberno municipal e calquera corporación así o apoiaría e así o apoia e así o sabedes, e o noso desexo é que así segades por moitos anos, o mellor posible, e sobre todo que acabedes tendo unhas instalacións como vos merecedes.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG dona María Lago Lestón que di o seguinte: “ mais que os parabéns quere dar as gracias polo traballo que facedes, sabemos que moitísimas veces non tedes os medios necesarios para levar a cabo as tarefas que vos tocan. Sabemos que moitas veces un traballo duro, que non todo o mundo teríamos as tripas de levalo a cabo, perdoade a expresión coloquial, pero hai veces que se necesita moita coraxe para tirar para diante co que vos toca ver. A min tócame dar ad gracias en nome do noso grupo e de forma persoal porque mais dunha vez tiveches que acudir a algunha chamada cercana, e por iso, darvos as gracias. A ti Javecho mais aínda non so dende o Ges senón como voluntario de protección civil, que me parece unha labor tremendamente encomiable, moitísimas gracias polo traballo e por favor faino extensible ao resto de membros de protección civil e a outros compañeiros que sabemos que levan moito tempo lado axudándote no traballo de voluntariado de protección civil.

Intervén a alcaldesa que di “para vos honra e gloria, e o agradecemento de todos”

Rematadas as intervencións se somete a votación:

Queda aprobada a Declaración institucional de recoñecemento á agrupación local de protección civil e ao Grupo de emerxencias Supramunicipal. por unanimidade dos membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CXG (3) e grupo municipal do BNG (2)

*Dilixencia para facer constar que neste momento todos os membros da corporación aplauden*

## **B) Mocións de urxencia**

Non se presentan mocións de urxencia

## **C Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno**

**Quinto.-** Dar conta das resolucións da Alcaldía núm.1572 ata 1760 e das Xuntas de Goberno Local do 15 de outubro e 29 de novembro 2019, 10 de decembro e 13 de decembro de 2019.







**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**Sexto.- Rogos e preguntas**

A señora alcaldesa primeiro contesta ás preguntas do pleno anterior

Preguntas do grupo municipal socialista

Sobre a pregunta de onde se compra o gasoil lle contesta que sempre se piden tres orzamentos e compramos o que ofrece o mellor prezo

Preguntas do grupo municipal CxG

Sobre a pregunta de se había algún problema no pago das bandeiras do club de remo de Esteiro e Muros, e lle contesta que se pagaron o 13 de xaneiro e que por certo é a primeira vez que se pagan por adiantado con carácter de prepagable e gasto a xustificar e lle recorda que eles no 2018 as pagaron un ano despois. Tamén se pagaron as subvencións ás asociacións culturais e están en fase de pago as subvencións das entidades deportivas, deportistas individuais e as de acendendo o nadal.

Tamén se ten presentado por este grupo municipal un escrito, e tamen polo grupo municipal do BNG, que se lle deu traslado a todos os grupos municipais presentes dunhas preguntas para contestar no pleno de hoxe.

Preguntas presentadas polo Grupo municipal CXG para este pleno.

Preguntaba sobre os compromisos polo clima, contesta que en febreiro de 2019 o concello de Muros adheriuse aos pactos dos alcaldes polo clima e enerxía, un pacto no que o concello se comprometeu a reducir emisións de Co2 nun 40% de aquí ao 2030 e aumentar a resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático para traducir eses compromisos en feitos temos que levar a cabo un inventario de emisión de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidade derivados do cambio climático, presentar un plan de acción para o clima e enerxía sustentable nun prazo de dous anos que remata en febreiro de 2021 e elaborar un informe de situación polo menos cada dous anos polo menos a partir da presentación do plan. Actualmente estamos traballando no inventario de emisión de referencia e estanse recompilando os datos de consumo final de enerxía. Xa están calculados os consumos enerxéticos do sector residencial e de transporte privado e comercial e estase a facer a recollida de datos de edificios, equipamento, e instalacións municipais, de alumado público e por suposto que imos a cumprir os compromisos adquiridos.

Preguntaba de que empresa son os orzamentos para a reparación e mellora dos parques infantís, se está iniciado o expediente e cal é o número de expediente. Contesta que está elaborada a memoria para o parque de Muros, está concedido o permiso de Portos para a súa realización porque o parque está en zona de Portos e está solicitada unha subvención para proceder a esa mellora, unha vez esté rematada a tramitación iníciárase o proceso de contratación polos procedementos que se nos indiquen desde Secretaría e Intervención. A nosa pretensión é continuar cas melloras dos parques nos próximos meses tal e como nos comprometemos neste Pleno, priorizando por estado, por uso e por ubicación.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Preguntaba tamén pola inspección dos puntos de vertido do Concello por parte de Augas de Galicia. Contesta que se realizou unha inspección no segundo semestre do ano pasado, acompañounos o persoal da brigada que supervisa os bombeos e instalacións. O informe resultante da inspección recibímolos o 13 de novembro. Non figura o punto de vertido da Rúa do Cabo, si un no Paseo, punto que se vai a ver mellorado notablemente coa actuación prevista no POS 2020.

Preguntaba si fixemos reparación ou obras no Eleuterio Balayo en decembro. Contesta que “non se fixo ningunha obra, aínda que si levamos facendo labores de mantemento desde a toma de posesión deste Goberno”.

Preguntaba polo prazo medio de pago a provedores. Contesta que “cando vostedes deixaron o goberno o prazo medio era de 53,24 días, a finais do ano pasado, o último trimestre do ano pasado era de 44,78 días. Mellorámolo, pero seguimos sen cumprir o prazo legal de 30 días. A incidencia que isto poida ter no remanente de tesourería será avaliada polos servizos e entidades correspondentes, e ao ser este un dato do que aínda non dispoñemos, non imos facer especulacións ao respecto.

Preguntaba pola amortización dunha débeda aprobada nos POS. Contesta que “supoño que se refire ao POS do 2019 posto que o POS do 2020 aínda está sen aprobar pola Deputación. E imaxino que eses cálculos que piden os tiñan feitos vostedes, cando elaboraron esa proposta”.

Preguntaba pola diferenza na cantidade a xustificar polos clubs e asociacións deportivas. Contesta que “non entendemos moi ben a que se refire a pregunta preguntan, supoño que é sobre a porcentaxe que a axuda representa sobre a cantidade a xustificar. Depende do compromiso de cofinanciamento que adoptou cada entidade. Hai quen se comprometeu a financiar o 20, a financiar o 30. Esa é a explicación a esa diferenza.

Preguntaba polo acceso á documentación de actuacións en relación coa RPT. Contesta que “xa lle comunicamos que tivemos unha reunión, unha primeira toma de contacto co persoal laboral no que se lle deu conta da resolución dalgún tema pendente. Temos unha cita o próximo 10 de febreiro, onde na que entre outros asuntos se abordará a elaboración da RPT e lle daremos cumprida información desa documentación.

Di tamén que non é que falten decretos e que hai saltos na numeración; non sabemos moi ben porqué. Temos unha incidencia prantexada no TEDEC porque que hai algún salto; non sabemos se foi pola implantación do TEDEC, se foi por algún erro ao manexalo, pero temos unha consulta prantexada no CAU, no servizo de atención ao usuario do TEDEC, para saber como temos que facer para acreditar que eses decretos existen ou non, porque hai un salto de números, efectivamente.

Preguntas presentadas para este pleno do grupo municipal do BNG.

Sobre a pregunta dunha camada de cinco cachorros recollidos entre os institutos, lle contesta que cando o GES actuou había dous cachorros que se levaron á perreira de Zas.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Sobre a pregunta de si ve vai a facer control nas colonias de gatos, contesta que “nas proposta nas que estamos a traballar para a regularización na xestión de abandono animal, vai incluída a xestión de colonias felinas.

Sobre a pregunta polos pagos ao Club de Remo, responde que “creo que xa está a pregunta contestada”.

Intervén a Sra. González para dicir se as preguntas que estivo contestando non son as de este pleno.

A señora Alcaldesa di que contestou ás que presentaron por escrito e as do pleno de novembro. Agora, abre un turno para a realización de rogos e preguntas deste pleno.

Rogos e Preguntas do grupo municipal socialista.

Roga que sería necesario poñer tubos en Agroxian (Esteiro), porque non sei que se fixo alí, e a auga, en vez de ir pola estrada vai polas hortas. Baixando pola estrada do Maio, entón, que se mire iso, porque a auga entra polas hortas.

Roga que En Esteiro, mirar o empedrado que estaba levantado, que foi ao principio o concelleiro pero non volveu. Segue levantado, segue igual.

Roga que no paseo marítimo de Louro, hai unha parte que está rota e necesita que se bachee, e esa parte está chea de maleza e sen limpar. contesta a alcaldesa que houbo un accidente de coches.

Roga que se acorde a limpeza urxente dos parque públicos que agora con esta choiva están cheos ata arriba.

Continúa dicindo que quere saber sobre as preguntas que fixo a representante de CXG cantas multas puxo Augas de Galicia no período 2015-2019 por non arranxar os vertidos, e cantos vertidos se solucionaron nesa época. Di que ao seu grupo lle parece moi característico que pregunte por iso, porque sabemos que, multas, un montón delas lle meteron

Segue dicindo “desde o Grupo de Goberno, se cumpra con CXG cos mesmos prazos de entrega que cumprían eles, coa posta a disposición de calquera tipo de información que eles incumpriron, lembrándolle que a data de hoxe aínda e volvemos a pedir en este pleno outra vez o permiso de Portos da festa de San Pedro do ano 2015, que era unha mentira, que aínda non o temos porque era mentira”

Pregunta “vimos que se lla pagaron obras a Espina y Delfín, entón queremos saber porque aínda non o vimos, canto ingresou Espina y Delfín de canon ou como está o problema de Espina y Delfín. Cobrou catro mil e pico de euros, que supoñemos que son de conexións, de pequenas cousas, porque eran moitas facturas, pero non sabemos se están pagando o canon ou como está ese tema”.

Pregunta “para cando o orzamento”.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Rogos e Preguntas do grupo municipal CXG.

Pregunta “ con respecto ao que respondía sobre o pago das Bandeiras aos clubs de remo, que dicía que xa se a lle foran pagadas o día 13 de xaneiro, o que se lle pagou o 13 de xaneiro entendo que é correspondente ao 2020, e a pregunta era pola Bandeira do 2019, e o que falaba do que lle pagamos nós en xaneiro era do 2018, entón a pregunta que fago agora é ¿a Bandeira de 2019 dos clubs de remo do 2019 quedou sen pagar entón? Queda aí a pregunta.

Pregunta “na Acta da Xunta de Goberno Local do 29 de novembro hai unha errata no punto 1 da Orde do día onde se di que se aproba a Acta da Xunta de Goberno Local do 15 de outubro, e debe de ser a do 15 de novembro (cambiar novembro por outubro). Na Acta de Xunta de Goberno Local do 13 de decembro do 2019, tamén hai unha errata que creo que hai que borrar a frase que se colou a maiores (non ten que estar); simplemente borrarla. No punto 1 ao final de todo da páxina (seguramente de aproveitar outra acta que quedou unha frase sen borrar). Son erratas que non teñen maior importancia (pero xa que as lemos) . Outra errata que hai é nos Decretos 1586 e 1726 está sen actualizar o nome da Sra. Alcaldesa.

Pregunta por qué este curso non hai a actividade extraescolar de atletismo, que si houbo o curso pasado e na que participaban máis de 35 nenos e nenas.

Pregunta se ían a facer a reordenación dos postos do mercado, que o levaba no programa electoral, e que cando estaba na oposición dicían que era cousa de 5 min. E en caso afirmativo, cando van a facer esa reordenación.

Pregunta porque recentemente saíu en prensa a noticia dunha reunión dos representantes dos nove concellos que están traballando para oficializar o Camiño de Muros a Santiago, entón lle quería preguntar que tal van eses traballos encamiñados a que se oficialice porque entendemos que é un tema importante para Muros.

Pregunta que no Pleno de novembro, a preguntas do noso grupo, dixo que o Arzobispado contestara afirmativamente sobre o de permitir que se fixera un pequeno parque infantil ao carón da Escola Infantil de Tal . Queríamos preguntar se hai avances nese tema e que avances hai

Roga que estivemos vendo o borrador de Bases de execución que nos enviou para a elaboración dos orzamentos; temos unhas anotacións que mañá lle enviaremos por rexistro de entrada. Parécenos moi bo traballo técnico o do departamento de Intervención, pero o traballo político é nulo e inexistente, de feito, non hai ningunha proposta da parte política, como por exemplo o importe do Fondo de Continxencia, das Subvencións nominativas, porcentaxes de baremación na asignación de produtividades ou sobre a contía máxima das subvencións prepagables. Co cal, o que lle rogamos e que nos envíen unha proposta con propostas, con cifras, para que poidamos, igual que na parte técnica imos a facer mañá, opinar, participar e propoñer o que consideremos oportuno; porque insisto, o





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

traballo técnico nos parece moi bo, e felicitamos ao Interventor e ao departamento de Intervención porque tiveran tempo de facelo, pero falta a proposta da parte política, do Grupo de Goberno.

Rogos e Preguntas do grupo municipal BNG.

Pregunta a propósito da resposta que dou vostede sobre á perreira de Zas, imaxino que se refire á empresa que xa recolleu outras veces os animais, porque perreira de Zas, así como tal, non a hai; hai unha empresa que ten o domicilio en Brandomil (Xea, di Inés), e imaxino que se referirá a esa. (Teñen unha instalación de perreira en Zas, di Inés). Sei como é, estiven dentro máis dunha vez. Era por si se refería a esa.

Pregunta cando van a cobrar as respectivas subvencións as asociacións que aínda non cobraron, referímonos ás comisións de festas, asociacións culturais e deportivas, cal é o prometido é débeda.

Pregunta se vai a funcionar a fibra óptica en tódalas parroquias do Concello; Torea e Abelleira tamén van a ter Internet por cable e falando da discriminación tecnolóxica, moveu algún fío o goberno actual para dotar dunha sinal de TV digna ás parroquias de Torea e Abelleira

Continúa a súa intervención dicindo que en data 11 de novembro a veciñanza da Rúa Rebordiño presentou un escrito no Concello acompañado de 184 firmas, na que pedían a instalación de hidrantes na zona. Un mes despois, o 19 de decembro, volveron a rexistrar un escrito no que solicitaban resposta. A día de hoxe, non obtiveron contestación. O problema que existe en Rebordiño repítese en todas as parroquias, e non é a primeira vez que se pide que se tome esta medida. Nós levamos solicitando desde o 2015 e volvemos a pedilo agora;o día que teñamos que lamentar danos persoais por este motivo, será tarde para lamentarse.

Pregunta en nome do BNG se lle deu resposta a solicitude presentada pola Asociación de Veciños A Ostreira, no mes de setembro do ano pasado. Rogámoslle que se lle conteste canto antes. Non acabamos de entender que problema ten este goberno con dar resposta as preguntas da veciñanza.

Pregunta en nome do BNG se o Concello vai a tomar medidas sobre as obras realizadas ilegalmente no Petón despois de que a obra fose parada.

Pregunta se as publicacións que se fan a través das redes sociais do Concello, pasan pola corrección do servizo de Normalización Lingüística De non ser así, rogámoslle que o usen. Queda bastante mal ver nun perfil oficial as patadas ao dicionario que se ven no facebook do Concello de Muros.

Pregunto sobre a estrada de Canelas, que está nun estado lamentable, xa dende hai anos. En máis dunha ocasión, reclamóuselle ao goberno anterior, e visto que segue igual, agora reclamámosslo ao actual. ¿Vaise arranxar?

Pregunta insistindo, cal é a situación das demandas do persoal laboral do Concello, por qué aínda non se fixeron efectivas as sentenzas E xa que sae a tema a situación do persoal laboral do Concello, o





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

gobierno saínte deixou avanzada , supostamente avanzada unha proposta de RPT. Esta RPT, ademais de obrigatoria, é a solución definitiva para dar estabilidade á situación laboral de moitos traballadores do Concello, que levan anos reclamando que se estableza a súa situación.¿ Tendes o proxecto gardado nun caixón?. E moi urxente, ademais de legalmente esixible, darlle estabilidade aos traballadores.

Pregunta que no último Pleno Ordinario, sobre a nosa pregunta sobre o Camiño do Pardal en Baño, o Goberno contestou que habería que consultar coa veciñanza. Un referendum ilegal. ¿O Goberno considera que manter unha rúa co nome dun militar franquista é consultable? Existe unha lei estatal de Memoria Histórica que obriga á retirada da simboloxía franquista, e que o camiño que vai desde Anido ata a estrada xeral leve o nome do xeral que obrigou aos represaliados do Campo de Anido a construíla, incumpre esta lei. Se isto pasase en Cataluña, estaríamos pedindo a intervención dos antidisturbios.

Pregunta cal foi a contía de gasto do alumado de Nadal

Pregunta cando se vai comezar cos arranxos dos parques infantís. A primavera está aí e todo o tempo fai falla. Rogamos que tamén se engadan as pistas deportivas a estes arranxos.

Pregunta en que proceso está a obra de reparación do Casco Histórico da Ribeira de Creo en Esteiro ¿Explicóuselle á veciñanza como é o proxecto?

Pregunta en que proceso está o proxecto de construción da rampla que dea servizo a lonxa de Esteiro, así como ao Club de Remo?.

Pregunta se está o equipo de goberno traballando para conseguir un aparcadoiro en Esteiro que solvente os problemas de aparcamento, sobre todo no verán?

Pregunta se ten previsto o Grupo de Goberno cortar as árbores mortas do piñeiral de San Francico en Louro. Con temporal corren risco de caer.

Pregunta que temos constancia tamén de que o vindeiro ano 2021 a Esteirana celebra o seu 50 aniversario é solicitou á Federación Galega de Fútbol a celebración do final da Copa da Costa no Xosé Luís Vara. ¿Vai levar a cabo o Goberno Municipal as obras prometidas no campo? Era a ampliación dunha grada, a construción dunha grada.

Remata a súa intervención a voceira do grupo municipal do BNG dicindo que seguramente, a visita anual a FITUR do persoal do Concello, serve dunha gran promoción turística, pero cando a xente se conecta a internet para acceder a [muros.gal](http://muros.gal), atópase cunha páxina lamentable, triste, primitiva, arcaica, desfasada e de pouca utilidade. E para darse conta, só hai que abrir internet escribir [carnota.gal](http://carnota.gal), [outes.gal](http://outes.gal), [mazaricos.gal](http://mazaricos.gal). Menos FITUR e máis páxina web.

Intervén a alcaldesa para dicir que toma nota dos seus rogos e as preguntas lle contestará no seguinte pleno ordinario.





**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinte e nove horas e vinte minutos , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.

Documento asinado electrónicamente

